



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

© Do texto: 2024, Antonio Manuel Fraga Allegue

© Desta edición:

2024, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.  
Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana  
Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.  
Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-48-8

Depósito legal: M-7787-2024

*Printed in Spain* - Impreso en España

Primeira edición: maio de 2024

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:


Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín


Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,  
Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas  
na fabricación deste libro son reciclables  
e cumpren amplamente coa normativa  
europea de desenvolvemento sostible,  
economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución,  
comunicación pública ou transformación desta obra  
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,  
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO  
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org))  
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.



**Ningunha estrela  
levará o meu nome**  
Antonio M. Fraga

oqueleq



*Para Afonso,  
que medrou en Monte Alto  
e foi luz no labirinto  
das súas calellas*



Oxalá estivese na casa xogando á PlayStation. Oxalá non tremese de frío. Oxalá non sentise aquela humidade nos pantalóns, que non sabía se era auga ou se mexara por min. Oxalá o home coa cara encarnada me ceibase ou, polo menos, non me apertase tanto o brazo. Oxalá deixase de berrar aquelas frases incomprensibles en inglés que me martelaban a cabeza. Oxalá no insti prestase máis atención á profesora de inglés en lugar de facer debuxiños ou pensar no maldito Hugo Corbacho, así podería entender o que me berraba o home, aínda que seguramente estivese dicindo cousas desagradables sobre min. Oxalá non me doese tanto a cabeza, que semellaba a piques de estoupar. Oxalá non tivese os brazos cheos de rabuñaduras e sangue. Oxalá deixase de chover en Magaluf.

Onde estaría Mario? A última vez que o vin foi cando estas persoas comezaron a arrodearnos. «Corre, Rodrigo! Son os Zorya!», berrou antes de fuxir a fume de carozo pola avenida, correndo con ese estilo tan seu, unha mestura entre Charmander e un pato mareado. Es-

tou convencido de que Mario pensou que eu sairía tamén correndo en lugar de ficar petrificado coma un pasmón, coa boca barnada de merengue e o sangue escorregándose polos brazos. Se non, xamais me deixaría só. Iso seguro.

8 Tentei esquecer a dor de cabeza e concentrarme en comprender algo da conversa entre o inglés encarnado e dúas rapazas louras que apareceran de súpeto. As rapazas vestían igual, coma se fosen un dúo artístico, cuns abrigos grosos de cor prateada sobre uns vestidos negros, moi curtos. Ían tan pintadas coma portas, e alí, baixo a poalla, parecéronme espectacularmente guapas. A min non me gustan as rapazas. Ben, si que me gustan, tampouco son un misóxino nin nada semellante. Mais non me atraen ata o punto de querer bicalas ou pasear con elas da man. A Mario, pola contra, encantaríanlle estas dúas. Sempre está a falar de como as mozas menean o cu cando camiñan «bum, bum, bum, bum!». Está un pouco saído, se che digo a verdade. Podía imaxinalo cos ollos cravados nos peitos das dúas estranxeiras, que se abaneaban máis e máis a medida que se anoxaban co home que me tiña preso. Conseguín entender poucas cousas do que dicían. Con todo, pareceume intuír que elas querían levarme a un hospital mentres que o encarnado insistía, unha e outra vez, en que de alí non se movía nin deus ata que aparecese a policía.

Nese punto, as miñas pernas comezaron a tremer e fixen o ademán de sentar no chan, mais o meu captor tiroume do brazo para impedirmo. No forcexo mancheille



a manga da camisa, que quedou enchoupada de sangue. Aquilo foi suficiente para que o inglés me dedicase outra restra de insultos incomprensibles. O meu irmán Robinson xamais aturaría que ninguén me agarrase así polo brazo e moito menos que me insultase. Aínda que fose en inglés!

Vin a miña cara reflectida no vidro rachado do escaparate da pastelería. Tiña un ollo morado, as fazulas tinguidas de merengue e estaba chorando. Vaia cadro! Semellaba Buggy o pallaso con depresión.

De súpeto, ao final da avenida, unhas luces azuis alumearon intermitentemente as fachadas dos hoteis. As persoas arremuiñadas ao meu redor xiraron as cabezas nesa dirección. O encarnado sorriu e mirou para min, todo cheo de razón. «Policía, amigo», pronunciou con torpeza, por fin nun idioma coñecido.

As palabras do inglés avolvéronme o corpo. Ou se cadra foi o seu alento, que fedía a cervexa quente. Unha arcada dobroume cara adiante e baleirei o estómago sobre as baldosas do chan. Ducias de milfollas de merengue, trituradas nunha masa esbrancuxada. O encarnado quixo afastarse dun chouto, mais non conseguiu evitar que o vómito lle manchase os tenis.

O coche de policía aparcou sobre a beirarrúa e dous homes con cara de cansazo baixaron do interior. As luces azuis do teito continuaban a xirar, coma un faro, e alumeaban os hoteis, os bares, as discotecas, o escaparate crebado da pastelería e as caras dos curiosos que esa noite de decembro se amoreaban naquela avenida de Ma-

galuf. A miña vista comezou tamén a dar voltas e máis voltas, seguindo os feixes de luz xiratorios.

«Robinson, mentirán. Non te vou perdoar nunca», pensei xusto antes de perder o coñecemento.

10 Cando abrín os ollos estaba deitado nun cuarto de hospital. Fóra, alén das ventás, era noite pecha. Unha luz intermitente atravesaba o ceo en liña recta. Supuxen que era un avión, aínda que eu preferiría que fose un ovni. Mais un ovni non trazaría unha aburrida liña recta no ceo. Ademais, o seu lucerío sería espectacular, en plan orquestra Panorama, e non se limitaría a un triste pestane-xo branco no medio da noite.

A cabeza doíame moitísimo, así que tratei de non pensar en ovnis nin noutras parvadas. Resultoume tremendamente difícil non pensar en nada. Cando me esforzaba por deixar a mente en branco sempre acababa soando unha canción, xurdindo a pantalla dun videoxogo ou aparecendo a cara de alguén, sobre todo a túa.

Non levaba esperto nin cinco minutos cando unha enfermeira entrou no cuarto.

—Vaites! Acordou o belo dormente. Como te encontras?

—Dóeme a cabeza —balbucín. Ao falar notei que tiña a boca reseca e pegañenta. A enfermeira sorriu e achegouse a min.

—É normal —díxome—. Vouche poñer un analxésico.

Mirei a miña man e decateime de que tiña cravada unha agulla, da que saía un tubiño que me conectaba

cunha bolsa pendurada dun ferragacho. A bolsa contiña un líquido transparente.

A enfermeira inclinouse sobre min e puiden ver o seu suxeitador entre os botóns da camisa. Era branco, con gatiños dourados debuxados, deses chineses que soben e baixan o brazo mecanicamente. Só por iso xa me caeu ben. Era gordecha e o uniforme apertáballe nas cadeiras. Levaba o pelo negro moi curto, tan rapado que non lle tapaba as orellas, ateigadas de aros de diferentes cores. A súa pel era moi branca, zarrapicada arredor do nariz por unhas pencas moi simpáticas. Chamábase Xisca Ferrer. Súbeno porque o lin na etiqueta cosida na súa camisa. A miña boca debuxou un sorriso.

11

—Pareces contento —díxome.

Gustaríame dicirlle que me alegrei ao ver todos eses gatiños dourados no seu suxeitador, mais non quería que pensase que era un pervertido, porque non o son.

—Que día é hoxe? —preguntei.

—Que día cres que é? —respondeu Xisca con outra pregunta.

—Sábado? —aventurei.

—É sábado. Pasaron só unhas horas desde o teu desmaio.

Despois de dicir iso fixo unha cousa sorprendente. Sacou un bolígrafo do peto e meteuno moi amodo dentro do niño de paxaros que teño como cabelo.

—Semellas un pelocho —sorriu antes de me chiscar un ollo e saír do cuarto.

Eu fiquei aló, soño, cunha dor de cabeza terrible e un boli Bic cravado no pelo. Con todo, continuei sorrindo porque Xisca me caera espectacularmente ben. E non penses que é imposible porque a acababa de coñecer e toda esa leria, porque teño un radar infalible para a xente boa. Nin a NASA manexa unha maquinaria de tal precisión! Pasoume contigo, por exemplo. Iso si, con Mario fallou de cheo. Mais foi a única vez. Cando o coñecín pensei que era un pouco idiota e, ao final, non o era en absoluto. A súa cabeza vai por libre e é difícil collerlle o punto, mais unha vez que o fas decátaste de que é un tipo intelixentísimo. Ao seu xeito, iso si, mais intelixentísimo.

Malia que non me apetecía pensar en nada, acabei tratando de adiviñar onde ~~carallo~~ estaría Mario. O máis probable era que continuase en Mallorca. Como, senón, ía saír da illa sen un can no peto? Imaxineino procurándome polas rúas de Magaluf, aterecido de frío, e iso púxome triste. Talvez o moi melón acabase durmindo na praia, tal e como pensabamos facer antes de descubrir que aquí ía un frío do demo.

Ou se cadra conseguira volver a Palma e dar coa túa familia. E se ambos estabades buscándome? Iso púxome aínda máis triste.

Resultábame raro estar deitado naquela cama sen poder facer nada. O tempo era denso, coma unha piscina de leite condensado. Pechei os ollos e, finalmente, conseguín durmir.

Cando o día comezaba a abrir, Xisca regresou para despedirse.

—Eu marchou para a casa —anunciou—, mais as compañeiras hante tratar coma un rei. Calquera cousa que precisas, preme o botón.

Tentei disimular a miña decepción. Non pensara que, acabada a súa quenda, Xisca marcharía do hospital.

A media mañá visitoume a médica. Era unha muller alta e delgada, con nariz de aguiá. Traía as lentes colgadas sobre o peito mais, por algunha razón, púxoas nos ollos para falar comigo.

—Como te encontras, Rodrigo? —preguntou con seriedade.

—Ben... máis ou menos... teño sono.

—É normal. Estás moi deshidratado, sabes?

Eu asentín coa cabeza sen comprender moi ben o que implicaba estar moi deshidratado.

—Vas ter que ficar un tempinho en observación. As feridas das mans non son profundas e a fenda da fronte precisou só dun par de grampas. Non obstante, preocúpame o feito de que perdeses o coñecemento. Lembras como foi?

Aclarei a gorxa para falar.

—Estaba en Magaluf. Lembro que sangraba bastante. Un home tíñame preso por un brazo. Primeiro comézaronme a tremer as pernas e despois todo se puxo a dar voltas.

—Ese home agrediute? —a doutora endureceu o xesto ao facerme esta pregunta.

—Non, non. Só me agarrou polo brazo, mais non me bateu.

—E o negrón do ollo?

—É... unha vella ferida de guerra. Doutra lea.

A médica fitoume durante uns segundos que a min se me fixeron eternos.

—Tesnos que dar o contacto dos teus pais ou do teu titor legal. Despois virá alguén a tomar nota.

Sabía que ese intre acabaría por chegar, mais tratara de non pensar niso. Non me apetecía enfrontarme a Elis, esa é a verdade. Elis é a miña nai, mais nunca lle chamei mamá, mami, naiña ou cousa semellante. Só Elis. Á muller íalle dar un ataque cando soubese de todo este asunto.

14

O máis lóxico sería dar o contacto de Robinson. É o meu irmán máis vello e vive nesta illa. Porén, naquel momento era a última persoa no mundo a quen desexaba ver. Nunca antes ninguén me decepcionara tanto, nin sequera o maldito Hugo Corbacho. Eu admirara a Robinson toda a miña vida, mais naquel intre vía só coma un ser mentirán e patético.

Unha vez acabada a nosa conversa, a doutora volveu colgar as lentes sobre o peito e dirixiuse á saída do cuarto.

—Tenta descansar —dixo desde a porta, como despedida.

Fíxenlle caso e pechei os ollos. Non tardei en durmir outra vez. Espertoume un enfermeiro facéndome cóxegas nos pés. Canto tempo pasara? O enfermeiro era calvo, con perilla e unhas lentes pequeniñas e redondas. Por algunha razón considerábase un tipo superdivertido, mais o pobre non tiña nin chisco de graza.

—Semellas un boxeador —dixo cunha voz rouca, coma de corvo—. Ti sabes o moito que lles gustan as cicatrices ás rapazas? Tolean por elas. Vas cansar de mocear, dígocho eu!

Finalmente, o enfermeiro decatouse de que o estaba ignorando e fíxome as curas en silencio. Deume un pouco de mágoa, a verdade. Talvez só tentaba alegrarme e non facerse o gracioso. Non todo o mundo serve para facer rir.

Cando marchou, volvín ficar só no silencio do cuarto. Fóra chovía e venteaba, mais non se ouvía son ningún, coma se a ventá fose o fondo de pantalla dunha computadora. A cabeza case non me doía, seguramente polo efecto dos analxésicos que me entraban pola agulla espetada na man.

Por algunha razón, a tristura envolveume coma un dürüm. Unha bágoa fuxidía fíxome cóxegas na tempa ata precipitarse sobre a almofada. Sen vir a conto, comecei a botar de menos a todo o mundo. A ti, por suposto. Mais tamén a Mario, a Xisca, a Liam, a Giselle... Mesmo botaba de menos o prosma do enfermeiro, mira o que che digo! Daría calquera cousa por non estar só neste cuarto.